

Expediente 133/2024

Procedemento: Procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello de Outes para o curso 2024/2025.

ANUNCIO:

LISTAXE DEFINITIVA DE USUARIOS-AS ADMITIDOS-AS LOGO DE REMATADO O PRAZO DE SOLICITUDES DE RENOVACIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

O Concello de Outes ten unha Escola Infantil Municipal (EIM) con permiso de inicio de actividades con data do 14/02/2023.

O concello de Outes publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 48 de data 7 de marzo de 2024 o procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2024/2025.

Segundo o establecido no apartado 1.2 de dito procedemento: *"O prazo de presentación de solicitudes de renovación de praza será entre o 11 e o 22 de marzo de 2024, ambos incluídos"*

A Xunta de Goberno Local celebrada en data 23/04/2024, en exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía consonte ó establecido no artigo 21.1s) e 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar e publicar a listaxe definitiva de admitidos/as logo de rematado o prazo para solicitudes de renovación na Escola Infantil Municipal do concello de Outes para o curso 2024/2025.

1) Solicitudes renovación Aula 1-2

SOLICITUDE	XORNADA	HORARIO	ESTADO
2024-ERC1319	XC-Continua	Luns a venres:10:00h-17:45h	ADMITIDO-A
2024ERC1477	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2024ERC1474	XC-Continua	Luns, martes e mércores: 8:00-16:00h. Xoves e venres: 9:30h-16:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1473	XC-Continua	Luns a venres: 8:30h-14:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1318	XC-Continua	Luns a venres: 9:15h-14:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1321	XC-Continua	Luns a venres: 7:45h-15:45h	ADMITIDO-A
2024ERC1320	XC-Continua	Luns a venres:7:45h-14:00h	ADMITIDO-A
2024ERC 1476	XC-Quendas	Luns a venres: S1: 8:30h-16:00h/S2: 14:00h-17:45h	ADMITIDO-A

2) Solicitudes renovación Aula 2-3

SOLICITUDE	XORNADA	HORARIO	ESTADO
2024ERC1316	XC-Continua	Luns a venres: 10:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1317	XC-Continua	Luns a venres: 9:45h a 16:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1322	XC-Continua	Luns a venres: 9:45h -15:30h	ADMITIDO-A
2024ERC1323	XC-Continua	Luns a venres: 9:00h-14:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1324	MX-Continua	Luns a venres: 10:00h-14:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1313	XC-Continua	Luns a venres: 8:30h-16:30h	ADMITIDO-A
2024ERC1314	XC-Continua	Luns a venres: 10:00h-15:30h	ADMITIDO-A
2024ERC1315	MX-Continua	Luns a venres: 9:45h-12:45h	ADMITIDO-A
2024ERC1475	XC-Continua	Luns a venres: 8:00h-16:00h	ADMITIDO-A
2024ERC1482	MX-Continua	Luns a venres: 9:45h-12:45h	ADMITIDO-A

SEGUNDO. O prazo de matrícula para tódolos usuarios/as admitidos/as na EIM será entre o 3 e o 14 de xuño de 2024 ambos incluídos. De non formalizarse a matrícula nestas datas decaerá o dereito á praza obtida, aínda constando o usuario/a na relación definitiva de admitidos-as.

A matrícula formalizarase a través do impreso que se facilitará na EIM, ao que se achegará a documentación prevista no apartado 3.2 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2024/2025, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 48, de data 7 de marzo de 2024.

TERCEIRO.-As solicitudes de modificación de horarios (ampliación e ou redución) tanto no momento da matrícula como posteriormente ao longo do curso escolar, deberán ser presentadas ben por medios electrónicos (a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedeelectronica.gal/info.0>), de xeito presencial no rexistro xeral do Concello ou na propia escola.

As solicitudes de ampliación de horario ou modificación da franxa horaria sen modificar o número de horas de permanencia na escola serán atendidas sempre e cando haxa dispoñibilidade de horario na escola e con motivo xustificado.

No caso de solicitudes de modificación de horario que impliquen redución de horas serán atendidas sempre e cando a redución de horario non implique pasar dunha xornada completa a unha media xornada, por tratarse este aspecto un modo de desempate no proceso de baremación tal e como se recolle no apartado 2 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de

Outes para o curso 2024/2025 on di *"...de producirse empates nas puntuacións logo de ser baremadas as solicitudes, os criterios a seguir para proceder ao desempate serían: 1.Primeiro.....2.Segundo: de persistir o empate e logo da aplicación do primeiro criterio daráselle prioridade ás solicitudes de xornada completa (continuada ou partida) con servizo de cociña sobre a media xornada".*